



Bases reguladoras para a concesión de axudas para a adquisición de material escolar para o curso 2023/2024, destinadas a alumnado matriculado no centro público de educación de Cenlle, conforme coas seguintes cláusulas:

Primeira. Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por finalidade a concesión de subvencións a familias do concello de Cenlle cuxos fillos e fillas acudan ao centro docente público de educación infantil (segunda etapa) e educación primaria para o curso 2023/2024 para axudar a facer fronte aos gastos orixinados pola escolaridade e como incentivo á fixación de poboación nos pequenos municipios.

Segunda. Beneficiarios

As familias dos/as alumnos/as que estean matriculados/as no curso 2023/2024 no nivel de:

- Educación infantil (2º ciclo) no CEIP de Cenlle
- Educación primaria no CEIP de Cenlle

Terceira. Requisitos dos solicitantes

As axudas poderán ser solicitadas polas familias dos alumnos/as que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar o/a pai/nai/tutor/nena/neno empadroad/a no Concello de Cenlle na data 30 de xuño de 2023.
2. Estar matriculado/a no nivel de infantil ou de primaria do centro público de Cenlle.
3. Os/as beneficiarios/as deben comunicarlle ao Concello a obtención doutras axudas para a mesma finalidade.
4. Estar ao corrente no pago de todos os tributos e taxas municipais.
5. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta. Financiamento da convocatoria

As concesións das axudas reguladas nestas bases serán atendidas con cargo á aplicación orzamentaria 326.480 do exercicio 2023, que conta cun orzamento de 3.000,00 €.

Quinta. Contía e límites

As axudas municipais escolares son compatibles con calquera outra axuda, para a mesma finalidade, de organismos públicos ou privados, sen que excedan no seu conxunto o 100 % do gasto. O solicitante comprométese a comunicar ou reintegrar o concedido polo Concello de Cenlle no caso de ter percibida outra axuda para o mesmo gasto que supere o 100 % do importe. Os/as



beneficiarios/as poderán recibir como máximo as seguintes contías, en función das solicitudes presentadas e ata esgotar o crédito orzado:

- Educación infantil.- 150 €
- Educación primaria.- 50 €

Sexta. Solicitud e documentación para achegar

1. As solicitudes presentaranse no Concello nos modelos facilitados para o efecto.
2. 2. As solicitudes (debidamente cubertas e asinadas) deberán ir acompañadas da seguinte documentación:
 - Certificado ou informe do centro escolar onde os/as alumnos/as realicen estudos no que se especifique o curso no que están matriculados.
 - Certificado ou informe do centro escolar conforme recibiron axudas, a súa cantidade, ou se polo contrario non percibiron ningunha.
 - Fotocopia do DNI do/a solicitante, pai, nai, titor/a ou persoa adxudicataria en sistemas de acollemento familiar.
 - Fotocopia do libro de familia
 - Certificado de empadramento do alumno/a e pai/nai/titor.

Sétima. Lugar e prazo de presentación

A solicitude presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Cenlle, ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo da presentación será de 30 días naturais, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Publicarase tamén no taboleiro de anuncios do Concello de Cenlle, así como na páxina web municipal.

Oitava. Corrección da solicitude

Segundo o establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 e, de ser o caso, os que sinala o artigo 67 ou outros esixidos pola lexislación específica aplicable, requiríraselle ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se lle terá por desistido da súa petición, se así non o fixese.

Novena. Comisión Técnica de Avaliación

A Comisión Técnica de Avaliación estará formada por:

- Presidente: persoa representante da alcaldía ou persoa na que delegue.
- Vogais: traballador/ra social, axente de emprego e desenvolvemento rural e secretaría-intervención do Concello, ou persoas que os substitúan.
- Secretario/a: persoal do Concello ou persoa que o/a substitúa.



Décima. Criterios de valoración

A axuda concederáselles a todos/as os/as solicitantes que cumpran os requisitos mencionados no apartado de beneficiarios ata esgotar a partida orzamentaria. Dividirase o importe total da partida orzamentaria entre o número de beneficiarios, tendo en conta o límite máximo de concesión de subvención.

Décimo primeira. Resolución e avaliación das propostas

A Comisión Técnica avaliará as solicitudes, de conformidade cos criterios e valoración que se determinan nas bases, e fará constar expresamente que, da información que consta no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. A proposta de resolución conterà a relación, na que se indicarán todas as persoas solicitantes que participan na convocatoria, o alumnado, expediente, colexio, curso, concepto (libros, material escolar) e resolución de axudas, co seu estado de concedido ou denegado.

- Concedidas. Indicarase a subvención individual de cada persoa beneficiaria.

- Denegadas. Farase constar algúns dos seguintes motivos:

* A solicitude foi presentada fóra de prazo

* Non achegaron a documentación requirida

* Non estar empadroados/as

* O/a alumno/a non está matriculado/a

* O/a alumno/a percibe axudas para a mesma finalidade que superan o 100 % do gasto

* Outros datos

A Xunta de Goberno, tendo en conta a proposta da Comisión Avaliadora, acordará a aprobación definitiva das subvencións, con cargo á aplicación orzamentaria 326.480 do orzamento do Concello de Cenlle do ano 2023 por un importe máximo de 3.000,00 €. O prazo de resolución non excederá dun mes contado desde o remate do prazo de presentación de solicitudes. A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo comúns das administracións públicas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Décimo segunda. Aceptación da subvención e compromisos

A subvención entenderase aceptada polo solicitante, se dentro do prazo de 10 días seguintes á comunicación da concesión non manifesta nada en contra. Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas. Os beneficiarios someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitarán canta información lles sexa requirida e aceptarán as seguintes obrigas:



1. Cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
2. Responder da veracidade dos datos da solicitude.
3. Comunicarlle ao Concello de Cenlle calquera cambio que afecte á situación da persoa beneficiaria ou da súa unidade de convivencia.

Décimo terceira. Xustificación e pago

Aboarase o importe da subvención concedida cando os beneficiarios a xustificuen debidamente, coa presentación da seguinte documentación:

- Factura orixinal do gasto realizado. En cada factura deberá figurar, polo menos, os seguintes datos: CIF ou NIF do establecemento, nome do titular do establecemento (empresa/apelidos e nome), datos do establecemento (denominación comercial, enderezo completo, concello e provincia), data e número de factura, tipo ou tipos impositivos aplicables nas operacións (base imponible e IVE do total da factura desagregada, detalle da compra/concepto e titular desta: pai, nai, titor/a ou persoa solicitante.

- Declaración formal, asinada polo representante, de todas as axudas solicitadas e concedidas para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou privadas.

Décimo cuarta. Forma e prazo de pago da subvención

O pago realizarase mediante transferencia bancaria no número de conta que figura no formulario da solicitude, xunto coa documentación que nel se require. O importe para xustificar non será inferior en ningún caso ao 100 % do importe da subvención concedida; noutro caso, reducirase a axuda ata o importe xustificado. O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente e logo da xustificación previa dos gastos subvencionables. Non se realizarán pagos a conta.

Décimo quinta. Prazo de xustificación da subvención

O prazo máximo para xustificar a subvención será o 30 de novembro de 2023.

Décimo sexta. Reintegro de subvencións

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición final

En todo o non disposto nesta convocatoria, haberá que atermos ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, xeral de subvencións, Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, Plan estratéxico de subvencións, Ordenanza xeral de subvencións de Cenlle e as bases de execución do orzamento do Concello de Cenlle. (Ver anexos)



ANEXO I

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR	SOLICITUDE
---	------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

Domicilio

Teléfono Correo electrónico

DATOS DO/A ALUMNO/A PARA O QUE SOLICITA A AXUDA

Nome Primeiro Apelido Segundo Apelido Data nacemento

ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2023 /2024

Educación Infantil Educación Primaria

DATOS BANCARIOS

Código IBAN

Cenlle, ___ de _____ de 2023

Asdo.: _____

DOCUMENTACIÓN:

- Solicitud debidamente cuberta e asinada (Anexo I)
- Certificado ou informe do centro escolar onde os/as alumnos/as realicen estudos no que se especifique o curso no que están matriculados.
- Certificado ou informe do centro escolar conforme recibiron axudas, a súa cantidade, ou se polo contrario non percibiron ningunha.
- Fotocopia do DNI do/a solicitante, pai, nai, titor/a ou persoa adxudicataria en sistemas de acollemento familiar.
- Fotocopia do libro de familia
- Certificado de empadramento do alumno/a e pai/nai/titor.

O certificado do empadramento será incorporado de oficio e o pagamento dos impostos municipais, comprobarase internamente.

ANEXO II

Don/Dona con
DNI con domicilio
en

En relación coa axuda económica do Concello de Cenlle, destinada a financiar a adquisición de material escolar para o curso 2023/2024, declaro baixo a miña responsabilidade:

1. Que non incorro en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 1 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Que estou ao corrente das miñas obrigacións fiscais co Concello de Cenlle, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Xunta de Galicia e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Cenlle, ___ de _____ de 2023

Asdo.- _____



ANEXO III

Don/Dona con DNI e domicilio en

En relación coa axuda económica do Concello de Cenlle, destinada a financiar a adquisición de material escolar para o curso 2023/2024, declaro baixo a miña responsabilidade:

Pai, nai, titor/a, declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que non teño solicitado, nin concedido nin están pendentes de resolución outras subvencións ou axudas das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para este mesmo concepto.
- Que acepto as bases da convocatoria para a que solicito a axuda.
- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son verdadeiros e que non existe omisión de datos e que estou enterado/a das posibles responsabilidades administrativas e incluso penais existentes nos supostos de ocultación, falseamento de datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a prestación ou servizo.
- Que solicitei outra axuda económica para a mesma finalidade.
- Que teño concedida una axuda por importe de€
- Que foi cumprida a finalidade para a que se outorgou a subvención concedida.

Cenlle, ___ de _____ de 2023

Asdo.: _____

Contra este acordo poderase interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Cenlle, no prazo dun mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, sen que se poidan compaxinar ambos os recursos.

Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

En todo caso, poderase interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.

A alcaldesa. Asdo.: Rebeca Sotelo Fernández

